



MATERIA	Física		
CURSO	2º Bach.	HORAS SEMANAIS	4

BREVE DESCRIPCIÓN DA MATERIA

A Física de 2º de Bacharelato é unha materia preparatoria para a universidade e está dirixida a alumnado que curse o bacharelato científico. Nela afóndase nos contidos estudados na materia de Física e Química de 1º de Bacharelato e abórdanse contidos máis enfocados ao acceso á universidade e á realización de estudos superiores.

CONTIDOS

- Campo gravitatorio. Satélites.
- Campo eléctrico. Fluxo eléctrico e lei de Gauss.
- Campo magnético
- Inducción electromagnética.
- Fluxo magnético.
- Leis de Faraday-Henry e Lenz.
- Ondas harmónicas. Principio de Huygens. Fenómenos ondulatorios.
- Leis de Snell. Índice de refracción.
- O son.
- Óptica xeométrica. Lentes e espellos.
- O ollo humano. Defectos visuais.
- Introducción á Teoría Especial da Relatividade.
- Introducción á Física Cuántica.
- Hipótese de Planck. Efecto fotoeléctrico.
- Radiactividade: tipos.
- Física nuclear.
- Interaccións fundamentais da natureza e partículas fundamentais.

METODOLOXÍA

A metodoloxía baséase no ensino directo na aula, en interacción continua co alumnado, e na realización de actividades de diferente natureza que axuden a fixar unha aprendizaxe significativa. Na medida do posible, e dado o eminente carácter práctico da materia, levarase o alumnado ao laboratorio para desenvolver diferentes experiencias relacionadas cos contidos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	90 %
Outros instrumentos de avaliación	10 %
TOTAL AVALIACIÓN	100 %

NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA

Avaliación continua. En cada exame entrará toda a materia impartida no curso ata ese momento. Faranse seis probas ao longo do curso, dúas por avaliación, que terán un peso específico de 1, 2, 3, 4, 5 e 6 respectivamente. A nota correspondente ás probas escritas calcularase mediante unha **media ponderada**.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA: Só se terá en conta a **nota do exame**, que debe ser 5 ou superior a 5.

VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

A Física de 2º de Bach. é unha materia que pondera para a entrada en certas carreiras, tanto da rama científica como da sanitaria e de tecnoloxía. Pondera a máxima puntuación en carreiras como Matemáticas, Química e Bioloxía, pero tamén noutras como Medicina, Enfermería ou Enxeñería Informática. Forma parte dos estudos básicos necesarios para levar a cabo con éxito estudos científicos posteriores.